

Descrición xeral da XEOLOXÍA e MINARÍA da zona

As minas de San Finx localízanse nunha zona de transición entre os xistos micáceos e paragneises da zona de Galicia-Trás-os-Montes e os granitoides que afloran próximos ao leste. O xacemento responde a un **conxunto de filóns de cuarzo e pegmatita**, de dirección NESO, que encaixou en migmatitas, xistos e granodioritas. A mineralización é de casiterita e volframita, como minerais principais, e calcopirita, pirita, arsenopirita, molibdenita e scheelita, como accesorios. A xénese da mineralización débese a fracturas profundas polas que se inxectarían estreitas bandas graníticas e disolucións pegmatíticas mineralizadoras.

Os traballos máis antigos consistiron en labores de recollida de material detrítico superficial e de descabezado de filóns para afondalos en forma de trincheiras e gabias de grandes dimensións. En 1897, iniciouse a **construción dun pozo** e empezáronse os traballos subterráneos. **Os labores levábanse a cabo mediante guías** seguindo o filón e sobreguías de explotación, e o mineral extraíase entre ambas as galerías polo método de testeiros: botábase o mineral na guía e de aquí á galería de transporte para sacalo ao exterior. **Posteriormente, pasouse ao método de subniveis** con abandono de macizos de protección. En canto ao tratamento, existiu un primeiro taller de concentración (fábrica vella) en 1898. En 1924 terminouse a fábrica nova, na que se seguiu un proceso moderno para a súa época, con separación electromagnética.



Figura 4




Figura 3

3. Galería en primeira planta (42.752786, -8.8223). Inmediata á gabia A, polo leste, pódese observar unha boca de mina das galerías da primeira planta. Na parte inferior do noiro esquerdo aflora un filón de cuarzo (Fig. 3) de 30 centímetros de potencia, que continúa pola boca da mina e encaixa en materiais aplíticos e xistos alterados.

4. Gabia B de explotación (42.75265, -8.822007). Séguese cara ao leste por un tramo preparado con cachotería. As paredes da gabia están constituídas por xistos micáceos grises alterados dispostos NO-SE.




Figura 5

5. Pozo vello a 3ª planta (42.752614, -8.821872), moega e casa de máquinas. Está tapado por taboleiros (Fig. 5) e reha-billada en parte a estrutura de apoio da moega. En fronte vense os restos da sala de máquinas (Fig. 6). Neste pozo traballábase xa na primeira década do século XX.



Figura 1

1. Centro de interpretación de San Finx (42.75284, -8.822018). A ruta inicial e termina nel, onde (Fig. 1) o visitante pode familiarizarse co seu pasadizo e trimonio mineiro (Fig.11). Era o antigo taller-carpintería.

2. Gabia A-moega antiga (42.752786, -8.8223). Ao bordear o centro polo oeste ata a súa parte posterior, véase unha gabia das primeiras épocas de explotación, que segue unha dirección próxima a ENE-OSO (Fig. 2). Inicialmente, foi unha gabia de explotación escavada sobre un filón de cuarzo, á que logo se lle deu a función de moega. De aquí levaríase o mineral en vagonetas ata a fábrica vella.

Descrición de cada PUNTO



Figura 2

RUTA polas MINAS de estaño e volframio de SAN FINX (Lousame, A Coruña)

Minaría Sostible de Galicia



Figura 10.



Figura 6

A mina de San Finx foi, xunto con Fontao, o xacemento máis importante de estaño e volframio de Galicia.

Esta ruta permite visitar o centro de interpretación xestionado polo Concello de Lousame, ver unha serie de labores mineiros, algúns deles con máis dun século de antigüidade, e aproximarse á xeoloxía deste xacemento.

Dificultade: Baixa

Distancia: 2,5 km.

Non acceda aos labores mineiros. Especial precaución na contorna de trincheiras, gabias e pozos.

Respecte as propiedades privadas, barreiras, valos e cercados.

Cumpra as indicacións de seguridade.

Cámara Oficial Mineira de Galicia

Fotografías: Archivo JRM, IGME, Diego Casal



Co apoio de: **XUNTA DE GALICIA**



Figura 7



Figura 8



Figura 9

6. **Gabia C de explotación (42.752425, -8.821995).** Apenas se intúe pola densa vexetación de monte baixo, pero está situada a uns 20 metros ao sur.
7. **Paso do transversal de primeira planta (42.752533, -8.821653).** Aínda que actualmente está tapada a entrada, queda no bordo da senda un pequeno buraco no piso que comunica co que foi a galería de arrastre ou transversal, por onde saía o mineral que se extraía polo pozo mestre (punto 8) e cuxa construción se iniciou cara a 1905-1910. Nesta parte do camiño pode verse o paso dos xistos a granitos de gran gordo con foliación marcada (Fig. 7) por estar nunha zona de falla.
8. **Pozo mestre (42.752316, -8.821543).** Utilizouse despois do pozo vello e foi desprazado a principios da segunda década do século XX polo pozo GH, que se fundiu en 1932, e polo pozo novo, en 1933. Sitúase á dereita da senda.
9. **Pozo Silva (42.751794, -8.821288).** A ruta segue bordeando o regueiro afluente do rego do Espiño, que pasa por San Finx. Aos poucos metros de cruzalo, vense os restos do pozo Silva, que comunica coa galería mediante a que se explotou o filón Silva.
10. **Afloramento de granodiorita e zona de turbina (42.752055, -8.821275).** Uns metros máis para alá do regueiro, hai un pequeno afloramento de granodiorita porfídica deformada (Fig. 8). A principios do século XX, por aquí baixaba o tubo da auga que accionaba unha turbina instalada cerca.
11. **Afloramento de granodiorita e inicio das escaleiras á antiga xerencia (42.752352, -8.821226).** No punto 11 comezan as escaleiras (Fig. 9) que levan á antiga xerencia e que conservan en gran medida o seu primitivo aspecto. Ao inicio da escaleira aflora menos deformada a granodiorita, con megacristais de feldespato potásico de ata 4 centímetros.
12. **Vista do poboado mineiro (42.751865, -8.820469).** Subindo polas escaleiras da xerencia chégase ata unha pista de terra, desde onde se ten unha boa vista do poboado mineiro (Fig. 10).
13. **Antiga xerencia (42.751747, -8.819956).** Non é accesible e só quedan restos da soleira do edificio.

14. **Cuartel vello (42.75263, -8.820711).** Desde o punto 12, regrésase polas escaleiras para observar os restos do antigo cuartel (Fig. 4) ou vivenda dos mineiros, construído con granitos, xistos e paragneises da zona. Na parte de atrás, desde a primeira planta, hai unhas saídas a través dunha pasarela á aba inmediata na que estaban as latrinas.
15. **Espazo lúdico (42.752775, -8.821078).** Habilitado no lugar que ocupaba una pequena construción auxiliar.
16. **Vivendas (42.753407, -8.82187).** Foron vivendas de mineiros e actualmente seguen estando habitadas. As modificacións realizadas mantiveron, en xeral, a estrutura orixinal.
17. **Edificio de transformadores (42.752866, -8.821395)**
18. **Antigo depósito de combustible (42.752992, -8.821529).** Consérvase sen modificacións.
19. **«Casa dos Roubachas» (42.752884, -8.821725).** Ao lado da esquina nororiental do centro de interpretación, había un edificio, con tellado a dúas augas e dunha soa planta, onde se instalaban os «aventureiros» ou «mineiros do monte» que buscaban o mineral pola súa conta con permiso da empresa concesionaria e llo vendían a un prezo fixado de antemán. Foi demolido durante a posta en valor do poboado.
20. **Antigo garaxe e almacén (42.753029, -8.822323).** Aínda segue en uso.
21. **Antigas oficinas (42.753128, -8.821908).** Neste lugar, ao sur das vivendas, estaban as oficinas da mina ata o seu peche en 1990.
22. **Gabia en Castiñeiros (42.753216, -8.820966).** Intúese unha banda algo deprimida no terreo, que correspondería a unha antiga gabia de explotación sobre o filón principal de Castiñeiros.
23. **Boca da mina Castiñeiros (42.753208, -8.821235).** Na esquina NE do edificio de compresores (punto 24) pode verse a entrada principal aos labores subterráneos sobre os filóns de Castiñeiros.
24. **Edificio de compresores (42.753208, -8.821235)** (Fig. 12). Estaba en funcionamento en 1926 e mantivo a súa función ata 1990. En 2010 rehabilitáronse os dous compresores existentes.



Figura 11

- 25, 26, 27 e 32. **Afloramentos na zona de Castiñeiros e vista á escavación a ceo aberto.** Subindo pola pista que sae da parte esquerda do edificio de compresores, que leva ata A Fiosa, aflora ao inicio, nunha pequena escavación, un granito de dúas miccas moi alterado, similar ao que se pode observar en estado máis fresco intruído en xistos micáceos no punto 25, onde presenta zonas pegmatíticas. No contorno do punto 26 afloran rochas graníticas ricas en feldespatos. Desde este punto, continúaase 330 metros para coller un desvío que baixa cara á esquerda durante uns 200 metros e contemplar, desde o alto, no punto 32, unha escavación iniciada nos anos previos ao peche de 1990, que corta un filón de cuarzo leitoso de dirección N-S. Regresando sobre os nosos pasos, continúaase a ruta e pásase polo punto 27, onde aflora un granito de dúas miccas e vetas de cuarzo.
28. **Paso de labores de Castiñeiros (42.753798, -8.819034).** Neste punto pode verse o paso de labores, moi vexetado, a ambos os lados do camiño.
29. **Afloramentos na zona de Castiñeiros (42.753654, -8.818607).** No camiño de subida desde o punto anterior cara aos labores da mina Susana, actualmente non visibles, afloran granitos de dúas miccas deformados e con zonas pegmatíticas.
30. **Paso de labores de Revolta (42.753392, -8.818424).** Neste punto pode verse, a ambos os lados da senda, unha zona lineal deprimida que se orienta E-O. Por encima do camiño, hai un oco circular de 4 metros de diámetro e 7 de profundidade (Fig. 12).
31. **Afloramentos de granodiorita (42.752879, -8.81845).** Máis alá do rego do Espiño, pode verse aflorar de novo a granodiorita porfídica. Ao chegar a este punto, recoméndase volver pola senda arborada ao poboado mineiro.
32. **Afloramentos na zona de Castiñeiros e vista á escavación a ceo aberto (42.756904, -8.824072).**



Figura 12